

# PROGRAMACIÓN LOOIFP

## Versión Alumnado

### Centro educativo

| Código   | Centro            | Concello   | Ano académico |
|----------|-------------------|------------|---------------|
| 36013761 | IES A Xunqueira I | Pontevedra | 2025/2026     |

### Datos da programación

| Ensinanza  | Ciclo formativo/Curso de especialización | Grao             |                |                |               |
|--|--|------------------|----------------|----------------|---------------|
| Graos D: Ciclos formativos                                 | D2QUI000200 - Operacións de laboratorio  | CM               |                |                |               |
| Módulo   |  |                  |                |                |               |
| MP1710 - Itinerario persoal para a empregabilidade II (2º) |  |                  |                |                |               |
| Tipo de oferta   | Modalidade                               | Réxime dual      | Grupo          |                |               |
| Réxime xeral-ordinario                                     | Presencial                               | Xeral            | A              |                |               |
| Sesións semanais   | Horas anuais                             | Duración Sesións | Sesións anuais | Sesións centro | Identificador |
| 2  | 50                                       | 50               | 60             | 31             |               |

### Etiquetas

### Profesorado responsable

#### Docentes

Vázquez Núñez, Rebeca

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.                            | 3             |
| Relación e secuencia de unidades didácticas   | 3             |
| Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.  | 3             |
| Procedemento de avaliación inicial.   | 8             |
| Criterios de cualificación e recuperación   | 8             |
| Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes  | 9             |
| Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua | 9             |
| Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.                     | 10            |
| Programación da educación en valores.   | 10            |
| Actividades complementarias e extraescolares.   | 11            |
| Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.                                | 11            |
| Outros apartados.   | 11            |

### Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O Centro IES A Xunqueira I, é un centro de ensino secundario de Pontevedra, que acolle alumnado de diversa procedencia: Campañó, Campolameiro, Cotobade e algún alumnado do centro da cidade( en menor medida). Este alumnado cursa estudos de E.S.O. e Bacharelato. O alumnado do Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio, ten unha procedencia moi diversa: Marín, Sanxenxo, Pontecaldelas, Pontevedra, etc.....fundamentalmente porque este ciclo unicamente se imparte no noso centro, polo que é toado como referencia en Pontevedra Capital e os arredores. O nivel académico do alumnado é medio-baixo, e normalmente coexisten alunas e alumnos que non teñen a ESO rematada (acceden por proba de acceso), outros que teñen o Graduado en Educación Secundaria e tamén alumnos e alumnas que fixeron algún curso de Bacharelato.

Pontevedra, é unha cidade que ten un ámbito produtivo diverso, con unha estrutura administrativa e funcional importante, máis tamén ten un tecido industrial na que o alumnado deste ciclo pode atopar unha saída laboral; empresas como Celulosas, Viaqua, laboratorios de análise de augas, conserveiras, adegas, laboratorios da universidade, etc..., demandan este perfil de alumnado con está formación de Técnico de Operacións de Laboratorio. O centro educativo tamén ten convenios coa Deputación dentro do progra Erasmus, de modo que alumnado pode facer prácticas noutros países ( Italia, por exemplo), que enriquecen a súa formación.

### Relación e secuencia de unidades didácticas

| UD | Título                           | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións |
|----|----------------------------------|--|----------------|------------|
| 1  | A procura de emprego.            | Planificación e posta en marcha de estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permitan mellorar as súas posibilidades de inserción laboral   | 18             | 5          |
| 2  | Competencias persoais e sociais. | Aplicación de estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade  | 18             | 5          |
| 3  | O emprendemento e a innovación.  | Por en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.       | 18             | 5          |
| 4  | O mercado e as ideas.            | Identificación, definición e validación de ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioprodutiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento | 23             | 8          |
| 5  | A miña empresa.                  | Desenvolver un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna  | 23             | 8          |

### Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 1  | A procura de emprego. | 5        |

| <b>Criterios de avaliación</b>   |
|--|
| <b>RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral</b> |
| CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.  |
| CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.               |
| CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.                            |
| CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <b>BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.</b>   |
| Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.  |
| Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.   |
| Actualización de currículum vitae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección. |
| Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.   |
| Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.   |
| Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.  |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>              | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------------|-----------------|
| 2         | Competencias persoais e sociais. | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  |
|---|
| <b>RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade</b>   |
| CA2.1 - Valórouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.   |
| CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumíuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.                                    |
| CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha. |

| <b>Criterios de avaliación</b>  |
|---|
| CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.                               |
| CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.  |
| CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.  |
| CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional. |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <b>BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.</b>   |
| Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.   |
| Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.   |
| A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva. |
| Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.          |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>             | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------------------|-----------------|
| 3         | O emprendemento e a innovación. | 5               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  |
|---|
| <b>RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.</b> |
| CA3.1 - Identificouse o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.  |
| CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.   |
| CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.   |
| CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.   |
| CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.   |

### Criterios de avaliación

CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

### Contidos

#### **BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.**

Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.

A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.

Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.

Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.

A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.

A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.

A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

| UD | Título da UD          | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 4  | O mercado e as ideas. | 8        |

### Criterios de avaliación

#### **RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento**

CA4.1 - Identificáronse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.

CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.

CA4.3 - Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.

CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.

CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.

CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.

| <b>Criterios de avaliación</b>   |
|--|
| CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.          |
| CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.                          |
| CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda. |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <b>BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades</b>   |
| Análise da contorna socioproductiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.                     |
| Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.           |
| Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.  |
| Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social. |
| Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.      |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | A miña empresa.     | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>  |
|---|
| <b>RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna</b> |
| CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.  |
| CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.                                    |
| CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo productivo.                                      |
| CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.  |
| CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.                      |

| <b>Criterios de avaliación</b>  |
|---|
| CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica. |
| CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.                        |
| CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.   |
| CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.                                |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <b>BC5 - Proxecto emprendedor.</b>  |
| Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.                   |
| A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.   |
| Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.   |
| Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa. |
| Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.                         |
| Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.  |

### **Procedemento de avaliación inicial.**

Este módulo é a continuación do módulo Itinerario para a Empregabilidade I de primeiro curso, por iso alumnado debe estar xa familiarizado con algúns dos conceptos a tratar. No inicio das diferentes unidades didácticas recordaremos estes conceptos que deben ser coñecidos co gallo de pescudar si se recordan ou non e hai tratalos de novo.

Avaliaremos tamén a competencia dixital no uso de follas de cálculo e procesadores de texto, xa que se utilizarán en numerosas ocasións ao longo do módulo. Para isto observarase ao alumnado na realización das actividades iniciais que impliquen o uso das citadas tecnoloxías.

Tamén se observará o desenvolvemento do alumnado na realización das diversas actividades como cuestións e exercicios co gallo de detectar posibles dificultades.

### **Criterios de cualificación e recuperación**

### **Procedemento e criterios de cualificación:**

Consideracións a ter en conta.

- Hai unha unidade didáctica por cada RA, e unha táboa de observación para cada unidade didáctica. Polo tanto hai unha táboa de observación para cada RA.
- Para superar o módulo o alumno ou alumna debe ter unha cualificación igual ou superior a cinco en cada un dos RA.
- Para acadar un RA o alumno ou alumna debe ter unha cualificación igual ou superior a cinco en cada un dos CA asociados a ese RA.
- Para obter unha cualificación igual a cinco nun CA o alumno ou alumna debe ter unha cualificación igual a cinco nos exercicios, grupos de exercicios, cuestións ou grupo de cuestións relacionados con ese CA.

Criterios de cualificación.

- Utilízanse táboas de observación asociadas aos diferentes exercicios, grupos de exercicios, cuestións ou grupos de cuestións realizadas nas unidades didácticas.
  - Hai unha táboa de observación por cada unidade didáctica.
  - A cualificación calcúlase en función dos descritores asociados a cada CA.
  - Cada descriptor ten asociado un valor.
    - Para obter unha cualificación igual a cinco no CA a suma dos valores obtidos nos descritores asociados a el debe ser igual a metade do valor máximo asignado a ese CA.
    - A cualificación obtida na táboa de observación calcúlase en función dos valores obtidos nos diferentes CA segundo os descritores asociados e porcentaxe asignada a ese CA. Esta cualificación estará comprendida entre cero e dez.
    - A cualificación das unidades didácticas calcularase en función da cualificación obtida nos diferentes CA asociados esa unidade didáctica e a súa porcentaxe asociada.
    - A cualificación das avaliacións obterase en función das unidades didácticas desenvolvidas na mesma a porcentaxe asociada as mesmas.
    - A cualificación final calcúlase segundo as cualificacións obtidas nas diferentes unidades didácticas e porcentaxe asignada as mesmas.

### **Procedemento e criterios de recuperación**

- No caso de non acadar a cualificación mínima de cinco nun CA a alumna ou alumno debe realizar unha actividade, cuestión, proba ou práctica relacionada co CA.
  - Esta recuperación realizarase ao final da segunda avaliación.
  - Se o alumno ou alumna non acadara unha cualificación igual ou superior a cinco no CA ou CA correspondentes na primeira recuperación, realizará, mentres realiza as prácticas en empresa, durante ás visitas ao centro educativo diversas actividades e probas de recuperación relacionadas cos CA onde non acadara unha cualificación igual ou superior a cinco.

### **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnos nin alumnas co módulo pendente.

### **Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua**

O alumnado con perda de avaliación continua (repetidor e de nova ordenación) realizará antes da segunda avaliación parcial de segundo unha proba escrita ou enliña que versará sobre os contidos tratados no módulo. A cualificación obtida consignarase na sesión de avaliación parcial realizada antes do período de formación na empresa.

## **Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.**

De acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, estáo poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

Como docentes temos o labor de adaptar o noso ensino a todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas, incluíndoos dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez prestándolles directa ou indirectamente atención máis individualizada a aqueles que o necesiten. Isto implica que debemos estar dispostos a variar tanto o nivel dos contidos como as exposicións didácticas en función das necesidades específicas da aula, é dicir, a asumir que temos tantas realidades distintas como alumnos e alumnas haxa na aula. Para sacar o mellor de cada un deles e lograr que progresen, cada quen segundo as súas posibilidades, faremos unha exposición aberta como o que segue:

- Adaptaremos as primeiras explicacións de cada unidade didáctica ao nivel dos alumnos e alumnas con maiores dificultades.
- Reforzaremos, contidos estudados en etapas anteriores, facilitando así a asimilación dos de cada unidade.
- Proporemos actividades de reforzo para os alumnos e alumnas con formación máis deficiente nesta área, á vez que ampliaremos algún aspecto da materia para aqueles máis adiantados ou que chegaron ao ciclo con mellor preparación.
- Introduciremos exemplos, problemas e actividades variadas e graduadas en dificultade, accesibles á maioría do alumnado, e adecuadas aos distintos niveis.
- Aplicaremos medidas de adaptación das probas escritas (sen modificación dos CAs e RAs) aos alumnos e alumnas que polo seu perfil o precisen (letra máis grande, unha pregunta por folla, ...).

## **Programación da educación en valores.**

A educación en valores é un pilar fundamental na formación integral do alumnado. Máis aló do desenvolvemento académico, a escola ten a responsabilidade de formar persoas conscientes, respectuosas, empáticas e comprometidas coa súa contorna e coa sociedade. Neste sentido, a aula convértese nun espazo chave para fomentar principios esenciais como a igualdade de xénero, o respecto mutuo, a consideración polos demais, a empatía, así como a educación ambiental e o desenvolvemento sostible.

Desde idades temperás, é necesario promover a igualdade de xénero, rompendo estereotipos e roles tradicionais que limitan as oportunidades de nenas e nenos. A través de dinámicas participativas, debates e postas en común, pódese ensinar que todos e todas teñen os mesmos dereitos, deberes e capacidades, independentemente do seu xénero. Esta igualdade vívese na aula cando se distribúen responsabilidades equitativamente, valórase por igual a opinión de cada estudante e visibilízanse referentes diversos.

O respecto mutuo e a consideración cara aos demais son valores esenciais para unha boa convivencia escolar. Traballar estes valores implica ensinar a escoitar activamente, a aceptar as diferenzas e a resolver os conflitos de maneira pacífica. Na aula, isto pódese fortalecer mediante círculos de diálogo, actividades cooperativas e normas de convivencia construídas colectivamente.

A empatía permite poñerse no lugar do outro e comprender as súas emocións, necesidades e puntos de vista. É un valor chave para previr o acoso escolar e fomentar relacións máis humanas e solidarias. Pódese cultivar mediante xogos de roles, lecturas que promovan a reflexión e actividades que conecten coas realidades doutras persoas ou comunidades.

Por outra banda, a educación ambiental e o compromiso co desenvolvemento sostible deben ocupar un lugar central no ensino actual. O alumnado necesita comprender a urxencia de coidar o planeta e adoptar hábitos responsables coa contorna, trataremos de fomentar a reciclaxe e o aproveitamento dos recursos nas diversas actividades realizadas.

Fomentar todos estes valores de maneira transversal e vivencial fortalece a formación de cidadáns críticos, responsables e comprometidos cun mundo máis xusto e sostible. A aula non só debe ser un espazo de transmisión de coñecementos, senón tamén unha contorna onde se vivan e practiquen os valores que queremos ver reflectidos na sociedade.

## **Actividades complementarias e extraescolares.**

- Visita a EDUGAL. Fira da educación que se celebra anualmente no mes de outubro no Pazo de Feiras e Congresos de Pontevedra.
- Escape ROOM FINEXIT, realizado pola Cámara de Empresario de Pontevedra dentro de EDUGAL. A actividade é un escape room relacionado coa xestión das pequenas e medianas empresas.

## **Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.**

Segundo o apartado 5 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, realizarase mensualmente o seguimento da programación do módulo, nel reflíctese o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada en caso de desviación. Este seguimento realizarase a través da plataforma dixital (PROENS) e debe revisarse por parte do departamento e constar na acta das reunións que correspondan.

Este seguimento a través da aplicación informática permítenos ir analizando en cada unidade non so o cumprimento, senón tamén en como foi o desenvolvemento da mesma, si se cumpriu ou non a temporalización, e anotar propostas de mellora tanto globalmente coma a nivel de cada actividade. A aplicación permite tamén sacar un informe do seguimento para o seu posterior análise.

É tamén moi importante a opinión do alumnado que obteremos a partir da recompilación de información durante o desenvolvemento das diferentes unidades didácticas e a final de curso mediante a realización dunha enquisa anónima. Os obxectivos desta avaliación da práctica docente son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

## **Outros apartados.**

### **1. Alumnado repetidor de segundo curso.**

De acordo coa disposición vixésimo primeira da Resolución do 1 de xullo de 2025 da Dirección Xeral de FP, pola que se ditan instrucións para a ordenación dos graos D e E no curso 25/26:

- O alumnado repetidor de 2º curso continuará a súa formación segundo o plan de estudos a extinguir. O alumnado do módulo Empresa e iniciativa empresarial asistirá ás sesións lectivas, actividades, prácticas e probas escritas do módulo Itinerario persoal para a empregabilidade II xunto co alumnado de 2º curso do grupo da nova ordenación e cumprirá as mesmas normas de asistencia, participación e avaliación. Esta medida garante a continuidade formativa, facilita a integración na dinámica do grupo e permite acceder ás FCT unha vez superados todos os módulos.